



FICHA DE BOA PRÁCTICA

DATOS DE IDENTIFICACIÓN	Nome da boa práctica:
	Igualdade Retributiva. Se garante a equidade salarial, eliminando calquera tipo de discriminación por xénero na distribución de salarios.
	Entidade que a promove:
	CTAG
	Concello:
	O Porriño, Pontevedra

CONTEXTO. SITUACIÓN INICIAL

A Fundación CTAG (Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia) é unha entidade adicada á investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico no sector da automoción. A pesar de que non existía grandes diferenzas salariais xustificadas polo desempeño ou antigüidade, detectáronse fendas salariais entre homes e mulleres en certos niveis xerárquicos e áreas técnicas. Estas desigualdades xeraban unha percepción de inxustiza e desmotivación, especialmente entre as mulleres, quen vían limitadas as súas oportunidades de crecemento económico dentro da organización. Ademais, non había un sistema formal de revisión salarial que asegurase a equidade na distribución das retribucións.

DESCRIPCIÓN DA BOA PRÁCTICA

CTAG implementou un sistema de revisión salarial que asegura a equidade retributiva entre homes e mulleres. Esta boa práctica inclúe a realización dunha análise anual da distribución salarial, desagregado por xénero, para identificar e corrixir posibles desigualdades. A Comisión de Igualdade da empresa encárgase de supervisar este proceso, garantindo que os axustes salariais se realicen de maneira transparente e xusta. Ademais, establecéronse procedementos específicos para garantir que non haxa discriminación salarial nas novas contratacións e promocións.

RESULTADOS OBTIDOS

Como resultado desta medida, logrouse unha redución significativa na brecha salarial entre homes e mulleres. A revisión anual dos salarios permitiu identificar as áreas onde persistían desigualdades e aplicar correccións de maneira oportuna. Este sistema incrementou a confianza dos empregados na política salarial da empresa, promovendo un ambiente laboral máis xusto e equitativo. As mulleres, en particular, sentiron unha maior valoración do seu traballo e un maior recoñecemento económico, o que contribuíu á súa motivación e permanencia na empresa.